

NOTA DE PRENSA 057/23
29 DE XULLO DE 2023

**ALBERTO MEIRA E AVELINO MARTÍNEZ REEDITAN O SEU TRIUNFO NO
RALLYE PAZO TIZÓN – COMARCA DE CARBALLIÑO**

O piloto de Vincios Alberto Meira, acompañado por Avelino Martínez e a os mandos do Skoda Fabia R5, foi o vencedor do Rallye Pazo Tizón – Comarca de Carballiño, sexta proba puntuable para o Campionato Galego de Rallyes.

Meira e Martínez, que xa foron vencedores na primeira edición da proba ourensá na temporada 2021, situáronse no primeiro treito no liderato da carreira e xa non permitiron que ningún dos seus rivais lles arrebatase o triunfo, obtendo ademáis o primeiro posto no Supercampionato Recalvi R5 e na Top Ten Pirelli Driver Autia A.

Con este primeiro posto Meira e Martínez sitúanse no liderato provisional do Campionato Galego despois da ausencia de Víctor Senra e David Vázquez na cita ourensá.

Un triunfo que soamente puxeron en cuestión Jorge Pérez Oliveira e Miriam Vera, que na segunda carreira co Hyundai I20 R5 foron capaces de marcar varios scratch aínda que un pinchazo no penúltimo treito relegounos na clasificación xeral (foron cuartos clasificados finalmente).

Desta forma, os segundo posto da clasificación foi a parar a mans de Javier Ramos e Alex Moure, aos mandos do Volkswagen Polo R5, co que xa estiveron presentes no Rallye Sur do Condado.

O terceiro posto da clasificación xeral foi para un dos equipos becados da Federación Galega de Automobilismo formado por Alexis Vietez e Cristian Álvarez. O equipo do Nissan Micra N5 víronse lastrados por uns pequenos problemas mecánicos e por atoparse con público tras a saída de estrada de Jorge Coca.

José Lamela e Néstor Casal remataron a proba no quinto posto da clasificación. Os do Skoda Fabia N5 tiveron unha proba chea de problemas, xa que tras facer un recto no primeiro tramo e verse obrigados a remontar durante toda a xornada, nos dous últimos

treitos tiveron diversos problemas que fixeron que rematasen no quinto posto final.

Dentro dos formatos promocionais do Campionato Galego, primeiro posto da clasificación na Top Ten Pirelli Driver Autia C para Manuel Souto e Laila Porta, con Julio Rodríguez e Lois Ogando, segundos e Martín Gómez e Cristóbal Jiménez, terceiros.

Na Pirelli AMF, triunfo contundente de Marcos Sanromán e Unai Conde, por diante de Juan Carlos Pampillón e Alex Alonso e Javier Lariño e Francisco Piñeiro.

Tamén foron sobresaíntes as prestacións de Joaquín Perez e Adrián Muñiz no Volante FGA, cun novo triunfo que lles achega ao título. Repetido victoria do Rallye Sur do Condado, Diego Riveiro e José Juan Lorenzo fixéronse co primeiro posto na PXP e a segunda plaza da copa. Terceiros foron Roberto Suárez e Cristian García.

Por último, primeira plaza para Ricardo Estevez e Luis Torres no Criterium Recalvi e tres de tres para Adrián Vázquez e Melisa Lorenzo na Beca 24.

A próxima proba puntuable para o Campionato Galego de Rallyes será o Rallye de Ferrol no mes de agosto.

Clasificación final do Rallye Pazo Tizón

1. Alberto Meira / Avelino Martínez
2. Javier Ramos / Alex Moure
3. Alexis Vieitez / Cristian Álvarez
4. Jorge Pérez Oliveira / Miriam Vera
5. José Lamela / Néstor Casal

Clasificación do Campionato Galego de Rallyes

1. Alberto Meira // 216
2. Víctor Senra // 205
3. José Lamela // 128
4. Javier Ramos // 120
5. Alexis Vieitez // 105

***pdte. Clasificación oficial.**